



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Jesús Alfaya Fernández  
Dª Mª Teresa Allut Roig  
D. Alberto Alonso Costas  
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela  
D. Félix Alvarez Filloy  
D. José Carlos Alvarez Villamarín  
Dª Ana Mª Ameal Guerra  
D. Ramón Araujo Casado  
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira  
D. Ignacio Arce Aramendi  
Dª Luisa Armán Lomba  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Ramón Barreiro García  
D. José Luis Barros Díaz  
Dª Carmen Becerra Suárez  
D. Julio Bellón Abad  
D. Arturo M. Benito España  
D. Luis Angel Bernal Conde  
Dª Mª Isabel Bouza Alvarez  
Dª Mª Soledad Bugallo Petit  
Dª Mª Alicia Cachafeiro López  
D. Lino P. Canedo de la Torre  
Dª Mª Victoria Carballo-Calero R.  
D. Alfonso Caride Losada  
D. José Manuel Casas Mirás  
Dª Mercedes Cendón Falque  
D. José Chavete Rodríguez  
D. Alfonso Cid Sabucedo  
D. Angel Cifuentes García  
Dª Marta Cogolludo Fernández  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D. José Mª Cordeiro Alonso  
D. José Luís Crespo Castro  
D. Pedro Cuesta Morales  
D. Jaime Díaz Bustamante  
D. Domingo Docampo Amoedo  
D. Óscar Dopereiro Rodríguez  
D. José Durany Castrillo  
D. Alejandro Espada Castro  
D. Luis Espada Recarey  
Dª Margarita Estévez Toranzo  
Dª Mª Jesús Facal Rodríguez  
D. Antón Fernández Alvarez  
Dª Marta Fernández Docampo  
Dª Esperanza Fernández Gómez  
Dª Zuly-Mayda Fernández Martínez  
D. José Luis Fernández Méndez  
D. Xosé Antón Fernández Roxo  
D. Celso Fernández Silva  
Dª Mª Begoña Fernández Silvano  
D. Ramón Angel Fernández Sobrino  
D. Joel Fernández Soto  
D. Alfonso Fontenla Formoso  
D. Juan Francisco Gálvez Gálvez  
D. Miguel García Domínguez  
D. Antón García Fernández  
D. Eloy García López  
D. José Manuel García Vázquez  
D. Mario Manuel Gil Carballa  
D. José Mª Gil Villanueva  
D. Eduardo Godoy Malvar  
D. José Antonio Gómez Barbeito  
D. Santiago Gómez Fraiz  
D. Ramiro Gómez Lourido  
Dª Alma Mª Gómez Rodríguez  
D. José Luis González Cespón  
D. Pio Manuel González Fernández

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, celebrada o dezasete de marzo de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O luns, **día 17 de marzo de 1997**, ás 11.00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-la seguinte orde do día:

1º.- Lectura e aprobación, se procede das actas das sesións anteriores (17-12-96 , 18-12-96 -mañá- e 18-12-96 -tarde-)

2º.- Informe do Sr. Rector.

3º.- Aprobación, se procede, dos orzamentos da Universidade para o ano 1997.

4º.- Informe anual do Sr. Rector.

5º.- Aprobación, se procede, do acordo da Xunta de Goberno do día 25 de febreiro de 1997 sobre o traslado da titulación de Filoloxía Galega ó Campus de Vigo e a solicitude da titulación de Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para o Campus de Pontevedra.

6º.- Petición, se procede, dun novo plano de financiamento para o Sistema Universitario de Galicia a proposta da Xunta de Goberno.

7º.- Eleccións a:

-Tribunal de Garantías: Presidente (1), "tódolos sectores": PDI (2); Alumnos (2).

-Comisión de Conflictos: (6), "Catedráticos de Universidade".

-Mesa do Claustro: PAS (1), "a candidatura levará un titular e un suplente".

-Comisión Electoral: PDI (1), "a candidatura levará un titular e un suplente".

-Comisión de elaboración do Regulamento de Centros

Adscritos: Alumnos (1).

8º.- Rogos e Preguntas.

Constitúese a Mesa do Claustro, coa presidencia do Rector, Don José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa como Secretario o, Xeral da Universidade, Don Xosé Luís Legido Soto.

Asistiron os membros que se indican na marxe.

Antes de inicia-la sesión, faise o sorteo da letra para a orde de intervencións e sae "N".

D. Manuel González Lorenzo  
 Dª Laura González Novoa  
 D. Carlos F. González Salgueiro  
 D. Santiago Guevara Junquera  
 D. José Luís Guntín Galego  
 Dª Mª Yolanda Herránz Pascual  
 Dª Mª Isabel Iglesias Fernández  
 D. Juan Janeiro Vilavoa  
 D. Juan Fdo. de Laiglesia Glez.  
 D. José Mª Lanaja del Busto  
 D. Arturo Leyte Coello  
 D. José Lullo Beviá  
 D. José Lois Vázquez  
 D. José Carlos López Ardao  
 D. Manuel López Iglesias  
 Dª Mª del Pilar López Vidal  
 D. José Manuel Losada Beltrán  
 D. Ricardo Luaces Pazos  
 D. José Lubián Berreco  
 D. Enrique Mandado Pérez  
 D. Alfonso Mandado Vázquez  
 D. Gonzalo Marino González  
 D. José Antonio Martín García  
 D. Víctor M. Martínez Cacharrón  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D. Agustín de la Mata Martínez  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Miguel A. Mera Cuevas  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. José Mira Penedo  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D. Santiago Murillo Zapatero  
 Dª Mª Consuelo Nogueira Alvares  
 D. Guillermo de Oca Cancela  
 D. Amando Ordás Pérez  
 D. Xoé Antón Palacio Sánchez  
 D. Manuel Pazo Carracedo  
 D. Jaime Peón Fernández  
 D. Angel Pereira Díaz  
 D. Nemesio Pereira Lorenzo  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Manuel Pérez Cota  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D. José Manuel Pérez García  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. Emilio José Pérez González  
 Dª María del Sol Pérez Ogando  
 Dª Mª Flor Pérez Paz  
 D. Mariano P-Mtnez y P-Amor  
 D. José Pose Blanco  
 D. Alejandro Prada Baceiredo  
 D. Manuel Ramos Cabrer  
 Dª Ana Belén Reboledo Fernández  
 Dª Anunciación Reñones Pérez  
 Dª Susana Mª Rey Baldomir  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 Dª Margarita Rodríguez Holguín  
 Dª Mª Pilar Rodríguez Seoane  
 D. José Antonio Rodríguez Vázquez  
 Dª Mª Luisa Rúa Rodríguez  
 D. Eduardo Rubiales Camino  
 Dª Antía Salgado García  
 D. Gerardo Salgado Valdés  
 D. José A. Sampayo Fernández  
 D. Francisco Javier Sando Rodríguez  
 D. José Santos Suárez  
 D. Xavier Simón Fernández  
 Dª Blanca Siota Alvarez  
 D. Eduardo Soto García  
 D. Iago Soto García  
 Dª Piedad Suárez Rosende  
 D. José Tojo Suárez

No **punto 1**, apróbanse as actas das sesión anteriores (18.12.96, mañá, e 18.12.96, tarde), con modificación na acta do 17.12.96 do "rogo" feito por D. Pedro Membiela Iglesia

No **punto 2**, o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa:

\*da non aprobación, por parte do Consello Social, da programación plurianual 1996-2000 por non dispoñer dun plano de financiamento para o Sistema Universitario de Galicia;

\*das sentencias sobre a Residencia San Rosendo nas que os seis autos déronlle a razón á Universidade; sobre o tema, o Sr. Rector indica que se deberían aproveitar-las obras feitas para o beneficio da Universidade;

\*que se están a discutir as Relacións de Postos de Traballo, RPTs, tanto de Persoal Funcionario coma Persoal Laboral;

\*do traslado de algúns Servicios ós locais anexos ó Rectorado;

\*que a Mesa do Claustro analizou a advertencia de ilegalidade feita polo profesor D. Eloy García López relativa á exclusión como claustrais dos profesores que cambian de Centro; o Sr. Rector expón que foi unha decisión da Mesa do Claustro xa que entende perden a condición de elixibilidade;

\*dos convenios asinados coas Deputacións, cos Concellos de Vigo e Ourense e coa Consellería, para a construción de edificios para a Universidade.

No **punto 3**, o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco expón brevemente os orzamentos do ano 1997, indicando que se presentan nestas datas debido a que se esperou polos orzamentos da Xunta de Galicia para a Universidade e a sinatura de convenios para a construción dos edificios.

Prodúcese un debate no que fai consta-la súa intervención D. Cándido Pérez Betanzos "a *min gustaríame que o debate do orzamento fora comprensible e para iso debería explicarse, respecto dos INGRESOS: limitacións e procedencia; dos GASTOS: distinguindo entre compromisos ineludibles e dispoñibilidade de decisión, os obxectivos e prelación respecto da docencia, a investigación, a administración e os servizos.*

*Non sendo así, permítaseme o similar, pero nesta ocasión vou recorrer a unha metáfora que se emprega con frecuencia nesta casa. Vamos a imaxinar que o orzamento e unha tarta: ¿Cal será pois a receita utilizada para chegar a este resultado.*

*A receita é invención do MESTRE GALDRUMEIRO, a nosa misión é achegarnos a ela e descubri-lo seu segredo.*

D. Carlos Traveso Pardo  
 D<sup>a</sup> Ana Vázquez Alejos  
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya  
 D. José Angel Vázquez Barquero  
 D. Camilo Vázquez García  
 D. Alejandro P. Vázquez González  
 D. Antonio Vázquez Torres  
 D<sup>a</sup> Ana Villegas Pérez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Viñas Gil

*INGREDIENTES: Cóllense as tazas, especialmente as matrículas dos alumnos, engadanselle as insuficientes e choradas transferencias correntes -marca Xunta de Galicia- removase e mestúrase todo, vertendo pouco a pouco, ate que acabe unha textura uniforme "remanentes descoñecidos", o maior e mellor segredo do MESTRE GALDRUMEIRO. Non se cortes, pois de seguro que quedarán moito máis, o dobre, o triple... ¿Quen o sabe?. Pero ollo, evítense os aditivos, en especial o 709, tamén coñecido como ingresos por custos indirectos (artigos 11 e 54-3d da LRU).*

*Non se preocupen se lles parece pouco, pois o longo da cocción, segundo teño entendido irá gañando peso coas froitas confitadas da financiación finalista e recuperará os 2.972 millóns de ptas. que faltan por iguala-la previsión orzamentaria coa da Programación Plurianual. Os Sibaritas e eruditos da galdrumería non teñen porque someterse ós preceptos normativos. A súa satisfacción límitase a contentar ós seus comensais e a consecución das estrelas michelín.*

*Unha vez cocida, a tarta, retírase do forno e repártese en pedazos de tamaño proporcional ós méritos dos comensais. Mentres realiza esta operación, poderemos observar, a cada ano máis delgada e requemada base, insuficiente para a contratación do PAS preciso para o desenvolvemento axeitado da súa labor de apoio á docencia e investigación. O mordela queda un sabor ácido a funcionarios de emprego eventual, marca STAFF. Espolvorearon o molde con tampouca Acción social (0,38% dos gastos de persoal) que non é estraño que se queimara. ¿Porque nos condenan a roe-las codias e raspa-la tarteira?*

*Collamos agora un pedazo para degustala. Descubriremos entre a miga interesantes sorpresas, coma se dunha rosca de pascua se tratara. Falta tan pouco. Mesturado na segunda capa (cap. II), degustaremo-lo sabor a gastos protocolarios conxelados. ¿Resultaron empalagosos os da tarta pasada? Pero quedan máis. Non para tódolos comensais dende logo. Un 25% máis de privatización, perdón, de previsión de custos para o abono de traballos realizados por outras empresas. Pero dentro desde ovokindersorpresa hai mais, o dobre que o ano pasado, 40 millóns para outros (227.09). A ver a quen lle toca. Conxelación de cursos de PAS e conferencias de cultura, ó tempo que se duplican as cantidades para profesores invitados -conferenciantes- e cursos complementarios. A propósito, ¿non tiñan que autofinanciarse?. Aumentando por riba da media (18,32% fronte ó 13,9%) os gastos de extensión universitaria. Unha tarta sen festa non é nada.*

*Pero si no seu contido ten algo que para nos a fai incomedible, é o seu saber a substitución de postos docentes e de PAS por bolseiros en busca de formación que se topan con algo parecido ó traballo mergullado. Como resulta barato cada ano aumentan a variedade. Deben ter vocación de MATUTANOS. Proben, se non, os novos sabores a CACTI e I+D ¿Son conscientes de que bolseiros de apoio á docencia chegar a ter toda a responsabilidade dalgunha materia?*

*O fin, para rematar co seu mal gusto, producto quizais da preguiza -o ano pasado debatemo-lor orzamentos neste Claustro o primeiro de febreiro, e dicir, con menos retardo ca este ano, que por certo provoca que o persoal do obradoiro teña que seguir a traballar na tarta resesa mentres se coce a nova -non informan da ración que lle corresponde a cada Centro ou Departamento. Xa faremo-lo reparto na Comisión Económica, onde os Centros e Departamentos non están representados en condición de tales.*

*Polo tanto no non vamos a darlle o noso apoio. Que lles aproveite. Contra o ardor de estómago que non poida provocar, xa vimos provistos de sal de froitas".*

O profesor Pérez Donsión fai consta-lo seu apoio por ter en conta no orzamento a construción do edificio de Laboratorio e aulas para a titulación de Minas.

Algúns membros do Claustro critican os presupostos entre eles destacan as intervención de D. Camilo Vázquez García, D. Ramón Barreiro García, Antón García Fernández e D. Pedro Membiela Iglesia. Por outra banda, o profesor Durany Castrillo ten dúbidas sobre este orzamento, indicando que non dará un voto afirmativo.

Están de acordo co orzamento os profesores Gómez Barbeito e Lanaja del Busto, mentres que os alumnos, D. Francisco J. Sande Rodríguez, D. Emilio José Pérez González e D. Alejandro Espada Castro, expoñen algunhas dúbidas sobre aspectos particulares.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

|                   |    |
|-------------------|----|
| -votos a favor:   | 79 |
| -votos en contra: | 13 |
| -votos en branco: | 42 |

Apróbbase o orzamento do ano 1997 (anexo I).

Punto 7, Eleccións a:

#### **Tribunal de Garantías:**

-Presidente:

|                              |          |
|------------------------------|----------|
| -D. Arturo Leyte Coello:     | 56 votos |
| -D. José Luis Guntín Galego: | 15 votos |
| -en branco:                  | 6        |
| -nulos:                      | 7        |
| Total de votos:              | 84       |

**Non se acadan votos de abondo".**

-PDI:

|                                   |          |
|-----------------------------------|----------|
| -D. Santiago Guevara Junquera:    | 32 votos |
| -D. Primitivo Rodríguez González: | 32 votos |
| -en branco:                       | 6        |
| -nulos:                           | 3        |
| Total de votos:                   | 45       |

Sae elixidos D. Santiago Guevara Junquera e D. Primitivo Rodríguez González.

-Alumnos :

|                             |          |
|-----------------------------|----------|
| -D. Miguel García Domínguez | 15 votos |
| -en branco:                 | 3        |
| Total de votos:             | 18       |

Sae elixido D. Miguel García Domínguez.

**Comisión de Conflictos:** preséntanse, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Fac. Hum. Ourense), D. Alberto Gago Rodríguez (Fac. de CC. Econ. e Empresariais Vigo), D. Carlos Hervés Beloso (Fac. de CC. Econ. e Empresariais Vigo), D. Enrique Mandado Pérez (E.T.S. de Enx. Telecomunicación Vigo), D. Luis Rodríguez Ennes (Fac. Dereito Ourense) e D. Domingo Docampo Amoedo (E.T.S. de Enx. de Telecomunicación Vigo).

**Mesa do Claustro:** Non se presentan candidatos.

**Comisión Electoral:**

-PDI (1):

|   |          |
|---|----------|
| -D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Pilar López Vidal: | 20 votos |
| -en branco:                                       | 2        |
| -nulos:   | 1        |
| Total de votos:                                   | 23       |

Sae elixida D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar López Vidal, que leva como suplente a D. Ricardo Luaces Pazos.

**Comisión de elaboración do Regulamento de Centros Adscritos:** Non se presentan candidatos.

No **punto 4**, o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa das actividades realizadas dende o ano 1994 ata 1996 (anexo II).

No **punto 5**, o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez explica a aprobación pola Xunta de Goberno do acordo do Consello de Campus de Pontevedra (anexo III), relativo ó traslado da titulación de "Filoloxía Galega" a Vigo e a petición da titulación de "Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte" para o Campus de Pontevedra.

Con relación a este punto, presentase un escrito (anexo IV), asinado por 16 claustrais, no que se pide a retirada do punto 4º do acordo do Consello de Campus.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, propón que o traslado da titulación de "Filoloxía Galega" se faga de seguido e que non se una á concesión de calquera outra titulación para o Campus de Pontevedra.

Prodúcese un debate no que, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela, D. Angel Cifuentes García, D. José Chavete Rodríguez e D. José M<sup>a</sup> Gil Villanueva, defenden o acordo do Consello de Campus, mentres que outros, D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Ameal Guerra, D<sup>a</sup> Carmen Becerra Suárez e D<sup>a</sup> Luisa Armán Lomba, piden que o traslado de "Filoloxía Galega" non estea condicionado á concesión de "Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte".

D. Manuel González Lorenzo pide que no Campus de Ourense se implante unha Sección-Delegada de Enxeñería Técnica Industrial (anexo V).

O Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que o tema non figura na orde do día e polo tanto non se pode tomar unha decisión.

Dende a Mese proponse unha transacción, aproba-lo traslado da titulación de "Filoloxía Galega" e a petición da titulación de "Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte" para o Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento o traslado de "Filoloxía Galega" ó Campus de Vigo e a petición da titulación de "Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte" para o Campus de Pontevedra.

No **punto 6**, o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que na Xunta de Goberno do 25 de febreiro de 1997, aprobouse a elevación ó Claustro universitario para que faga unha petición dun novo plano de financiamento para o Sistema Universitario de Galicia. Apróbase por unanimidade, solicitando ademais que o Consello Social de o seu apoio.

No **punto 8**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.-

-**D. MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR.**- "Con respecto ó informe anual do Sr. Rector, rogo que, en adiante, en vez de enumera-lo que xa todos deberíamos ter como coñecido, no informe se expliquen os motivos das principais decisións que se tomaron ó longo do ano e a súa relación con respecto ós compromisos electorais do equipo de goberno. Desafortunadamente se lles daría luz a aqueles claustrais que ultimamente se atopan confusos e desinformados á vista das últimas praxes deste equipo rectoral que preside. En calquera caso, algo máis vivo que entusiasme máis a este colectivo claustral e non atenda un informe dende o corredor. De non ser así, rogo que no futuro, se presente con anterioridade, por escrito, unha ampla enumeración dos feitos acaecidos durante o ano".

-**D. JESÚS VÁZQUEZ ALFAYA.**- Pregunta se é certo que o vicerrector de Ordenación Universitaria dixo que sen non se aproba o plano de estudos de Enxeñeiro Técnico Industrial en Enxeñería Química, esta non se puña o ano que ven. No caso de ser certo, o equipo de goberno pensa o mesmo (*o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, indica que hai varias solucións para o problema*).

-**D. RAMÓN ARAUJO CASADO.**- Fai as seguintes preguntas:

1) Ó longo de 3 meses presentei por escrito, en rexistro, unha pregunta relativa á Comisión de Centros Adscritos. Nunca se me contestou: a) por que non se me contestou? b) cando se vai convocar? c) por que se incumpren os Estatutos?

2) Estanse a repartir uns folletos e carteis sobre residencias. Nos folletos di que "promove" Asociación de Amigos da Universidade de Vigo".: a) paga a Universidade os folletos e carteis? b) se os paga, a canto ascenden? c) de que partida orzamentaria saen os cartos? d) cal é o custo real dos carteis, folletos, envío de correos e tempo que o persoal de Universidade dedicou ós envíos? e) se "Amigos da Universidade" é unha asociación non relacionada nin recoñecida pola Universidade, asígnaselle algunha cantidade de cartos? que cantidade?

3) En tódolos xornais destes días aparecen informacións respecto a un "informe" encargado polo Rector: a) existe dito informe? b) é accesible a tódolos membros da Comunidade universitaria? c) nos xornais fálase de que custou millóns ¿canto custou realmente? d) tamén se di que se lle encargou a unha empresa privada ese informe. Se é así ¿cal é a razón xa que temos unha carreira de Publicidade e Relacións Públicas?

4) Estamos en época de "mudanza" en algún centro e sobre todo no Rectorado, e na maioría dos casos, sen coñecemento previo para os afectados: a) vanse producir máis cambios? b) en caso afirmativo, cal son? c) cal son as súas previsións a curto e medio prazo? a que servizos afectaría? d) cando rematará a masificación, por falta de espazo, no segundo andar do Rectorado?

-**Dª MARTA COGOLLUDO FERNÁNDEZ.**- Pregunta como se fai a recollida de papel para o reciclado no Campus de Vigo e si se ten pensado poñelo en Ourense e Pontevedra.

**-D. VICTOR MANUEL MARTÍNEZ CACHARRÓN.-** Aмосa a súa preocupación polos elevados prezos nos servicios de reprografía; pide que se faga un control dos mesmos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 20.00 día 17 de marzo de 1997, da que eu como Secretario Xeral dou fe, co vº e pr. do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto